

IDEAS
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS
16 XUÑO 2024

Regar a miña pequenez para crecer e ser acolledor

1. VER: Historia dunha semente

- Oculta no corazón / dunha pequena semente, / baixo a terra, / unha planta en profunda paz durmía. / Esperta!, díxolle o sol. / Esperta!, a choiva fría. / A planta que oíu a chamada / quixo ver o que ocorría. / Púxose o vestido verde / e estirou o seu corpo cara arriba. / De toda planta que nace, / esta é a historia máis sinxela.

*Pasa isto coas plantas?
Por que?*

2. XULGAR: A vida, unha planta que regar para crecer

- No evanxeo de hoxe, Xesús compara o Reino de Deus con **“unha semente que xermina e vai crescendo”** e cun gran de mostaza, a semente máis pequena pero que crece e **“faise máis alta que as demais hortalizas”**. Ezequiel cóntanos que é Deus o que cuida as árbores, especialmente a árbore humilde.

QUE NOS QUERE DICIR?

- Xesús fálanos con **parábolas sinxelas**, para que todos entendamos os seus ensinos, a boa noticia do Reino. Son

contos do mesmo Xesús, cheos de inspiración e de sabedoría divina, tomados da natureza e do campo.

- Fálanos hoxe do **gran de mostaza**, tan pequeno, que sementado empeza a xerminar, a crecer, facéndose unha árbore robusto e grande que dá froitos e no que aniñan os paxaros.
- Como no conto de arriba, cada un de nós temos unha **semente pequeniña que Deus puxo** no noso corazón para facela xerminar. Seméntaa a través da familia, dos catequistas, da xente de ben. El é o Sol e o Labrador que nos mira con agarimo, que nos chama para que nos espertemos, brote a semente e crezamos.
- **De que semente se trata?** Da semente da vida, da fe, dunha vida de amor. Deus quere que **acollamos o soño do Reino** que ten para nós e para o mundo: amar a Deus e construír un mundo máis solidario, fraterno e xusto. Para iso hai que DEIXAR QUE DEUS FAGA EN NÓS: deixarse facerse máis fecundos, rebentar por dentro, non quedar enterrados, regar, florecer e dar froito... Algo pequeno que crece e vaise facendo grande

Cal é o soño que Deus alenta en nós? Como o vai realizar?

3.ACTUAR: Rega, Señor, a miña pequenez

- Na nosa oración dicímoslle: “Rega, Señor, a miña pequenez para crecer e ser acolledor”. Agradecemos a tantas persoas que nos axudan a crecer, a ser mellores, a ter máis fe. Axudámoslle a Xesús a regar a nosa vida: indo a catequese, participando na misa cada domingo, lendo o evanxeo, corrixindo os meus fallos cada día, vendo que froitos teño que traballar máis...

Que vas facer? E no grupo?

LECTURAS

EZEQUIEL 17, 22-24: *Eu exalto a árbore humilde.*

Isto di o Señor Deus: «Tamén eu escollera unha rama da cima do alto cedro e plantábaa; das máis altas e novas ramas arrincarei unha tenra e plantareina no cume dun monte elevado; plantareina nunha montaña alta de Israel, botará brotes e dará froito. Farase un cedro magnífico.

Aves de todas clases aniñarán nel, aniñarán ao abrigo das súas ramas. E recoñecerán todas as árbores do campo que eu son o Señor, que humillo á árbore elevada e exalto á humilde, fago secarse a árbore verde e florecer a árbore seca. Eu, o Señor, díxeno e fareino.

Palabra do Señor.

SALMO 91:

É bo darche grazas, Señor.

2ª CORINTIOS, 5, 6-10:

No desterro ou na patria, esforzámonos en agradar ao Señor.

MARCOS 4, 26-34: *É a semente máis pequena, e faise máis alta que as demais hortalizas.*

Narrador: Naquel tempo, Xesús dicía ao xentío:

Xesús: -«O reino de Deus parécese a **un home que bota semente na terra**. El dorme de noite e levántase de mañá; a semente xermina e vai crescendo, sen que el saiba como. A terra vai producindo froito soa: primeiro os talos, daquela a espiga, despois o gran. Cando o gran está a punto, métese a fouce, porque chegou a sega».

Narrador: Dixo tamén:

Xesús: -«Con que podemos comparar o reino de Deus? Que parábola usaremos? Cun **gran de mostaza**: ao sementalo na terra é a semente máis pequena, pero despois de sementada crece, faise máis alta que as demais hortalizas e bota ramas tan grandes que os paxaros do ceo poden aniñar á súa sombra».

Narrador: Con moitas parábolas parecidas expoñíalles a palabra, acomodándose á súa entender. Todo llo expoñía con parábolas, pero aos seus discípulos explicábalo todo en privado

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)